

Dr. Roberto Veloso Joruy
Zurbol 53
Rauco, Mepa F.C.N

A NOSA TERRA



Ano XXXV — Núm. 482

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual No 376.979

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, MARZO DE 1953

EVA PERON

Pronto hará un año, que el 26 de julio de 1952, a las 8.25 de la noche, —fecha y hora que perdurarán en los anales argentinos—, falleció la eminente esposa del Excelentísimo señor Presidente de la República, doña Eva Perón, Jefa Espiritual de la Nación Argentina.

Era general y muy honda la angustia que su grave dolencia había despertado en la población del país; se seguían, con emocionante expectativa, los extraordinarios esfuerzos que la mejor ciencia médica, realizaba con dramático tesón para atajar y vencer su enfermedad; fervorosas dulces oraciones y santos sacrificios de misas se elevaban a los cielos, desde miles y miles de corazones y desde todos los templos, en sumisa acción impetratoria para que Dios le devolviese la salud. Pero, por encima de todo ello, —que parecería propicio a crear sombras de pesimismo—, fulguraba radiosa la más firme esperanza de que la magnífica juventud —el dinámico espíritu— de doña Eva Perón habían de salir triunfantes de la dura prueba, para verla de nuevo —ágil, animosa, incansable—, en su campo de acción, reanunciando sus vigorosas y amplias realizaciones sociales a favor de las masas obreras, a favor de los desamparados, a favor de los ancianos, a favor de los niños que era los predilectos de su gran corazón.

Por eso fué más lacerante el dolor de la tremenda noticia, expandida en todos los ámbitos de la República por el escueto, solemne comunicado radial dado oficialmente al comienzo de aquella noche que ya pasó a ser memorable.

Luego vino la nunca vista desolación del hondo y extraordinario sentimiento que produjo en la población del país el fatal e irreparable suceso. Las montañas de flores; las densas interminables columnas humanas desfiliando día y noche, noche y día, por ante el féretro a lo largo de dos semanas; el paro de actividades en fábricas, campos, talleres, comercios y oficinas; las caudalosas informaciones de toda la prensa sin excepción, reflejando el propio dolor y el dolor de la calle; las fúnebres transmisiones radiales; los miles de altares modestos y suntuosos levantados en todos los barrios por espontánea decisión popular, múltiples homenajes de los sindicatos obreros y de todas las asociaciones; y por último, los magnos honores oficiales y las grandiosas solemnes exequias, revelaron elocuente el extraordinario grado de gravitación y trascendencia alcanzado por la personalidad de Eva Perón.

En todo tiempo y en todas



las ocasiones, los sentimientos de los gallegos arraigados amorosamente en esta querida tierra han conjugado, fraternalmente y vivamente, con los sentimientos del grande y noble pueblo argentino, sus alegrías han sido nuestras alegrías; y sus dolores han sido nuestros dolores.

Ante la profunda conmoción

espiritual que el tránsito de Eva Perón a la eternidad, ha producido en los hermanos argentinos, el corazón y el alma de los gallegos estuvo y está con ellos en plena participación sentimental.

A NOSA TERRA enluta sus páginas en rendido devoto homenaje a la gran figura de Eva Perón.

BANQUETE DO CONSELLO DE GALIZA

Como o ven facendo todos os anos, o Consello de Galiza ofreceu a un calificado e numeroso fado de persoas coñecidas no seo da nosa colectividade pol-a súa acesa e constante labouira galeguista, un banquete o día 27 de nadal p. p. pol-a noite, no restaurante "La Cabaña".

A cea decorreu nun ambiente de amabel camaraderie e os postres, o señor Antón Alonso Ríos, Secretario xeral do Consello de Galiza, pronunciou un afevoado

discurso facendo un resumo da labouira patriótica do ano loubando ós esforzados patriotas gallegos do interior que, nembargantes as tremendas dificultades e perigos que teñen que vencer, traballan arreo e afevoadamente pol-a diñificación e a liberdade da Patria Galega.

As verbas azustadas e acesas d'encobre patriotismo do señor Alonso Ríos foron saudadas por un afevoado aprauso da numerosa concurrencia que asistiu a este patriótico aito.

Sempre Firmes

Depois dun ano de silencio, a voz de A NOSA TERRA vóltese a ouvir en defensa dos sagros ideaes de Galiza, que tan ben soupo espallar o noso inmorrente guieiros Castelao. Unha ollada á nosa colectividade durante ese pasado ano, échomos o corazón de esperanza e de ledicia. Seberpóndose moitas veces aos intreses persoaes, endexamáis deixou de responder aos chamados patrióticos e sempre estivo alerta para evitar as claudicacions.

Pero esto que a nós nos conforta, enfurece aos nosos enemigos, que a todo trance queren apoderarse da nosa colectividade para ofrendarlla, como preciado tributo, ao máisimo perseguidor do fa'anxismo. Ameazas, dádivas, promesas; todo é posto en práctica para outer os froitos codiciados; pero todo fracasa estrondosamente para vergonza dos Xudas que se prestan a desempeñar o papel de entregadores, non sabemos si por trinta diñeiros ou por amor ao arte.

Denantes, as acometidas faciáanse abertamente. Había que poñer a bandeira maldita e levar ao embaixador ao noso Centro Galego, para escarño dos mártires que deron a súa vida por Galiza. Había que conquistar esa fortaleza inespugnabel para o feixismo. Había que destruír o foco meirande de galeguidade das Américas.

Agora as cousas fause doutro xeito. En vez de embaixadores oficiaes, envíanse capitáns de empresa, especie de ganseters galegos que chegan trunfantes e despreciativos, coa admiración de catro papanatas que os consideran pouco menos que superhombres.

Ben; a nós non nos importa que laes personaxes seyan ou non sallados por quenes teñan intrés en facelo. Alá eles coa súa conciencia e a súa sensibilidade; pero nós non podemos consentir que o nome da nosa Terra e a querida lembranza de todos os que morreron pol-a liberdade dela, anden en compañía de xenotes que non sóio son deshonra de Galiza, senon deshonra da humanidade.

Seipan dunha vez por todas eses aventureiros que traguen cara de anxel e alma de demo, que a colectividade galega de Bós Aires é insobornabel; que o seu republicanismo está cada día máis ardente, e que o seu anxeio de liberdade endexamáis se distinguirá no seu espírito. Fidel á doutrina do seu inesquencido mestre, non deixará de loitar hastra que ela sexa unha realidade.

E seipan tamén os camuflados — que ben os coñecemos — que estamos dispostos a poñer na picota a todo aquel que sirva de instrumento para que a ponzoña corroia a nosa colectividade, como tamén estamos dispostos a esquencermos de feitos equivocados, sempre que haxa arrepentimento sincero.

Os galeguistas sempre tivemos unha liña de conduta reita e intachabel, e cando algún irmán faltou aos seus deberes, sen vacilación o separamos do noso lado; pero tamén sabemos festexar a volta do fillo pródigo.

Será un traídor para Galiza quen se preste a dividírnos encol do que a todos nos debe xunguir. Non é posibel contemporizar cos homes que asesinaron aos nosos irmáns, que teñen asoballada á nosa patria e que din que aos galegos hai que levalos a Madrid para domesticalos. ¡Peor que no século XV!

Non; nós non aceptamos a convivencia con esa c'as de xente. Si algún é gostoso en facelo, que teña a valentía de declaralo francamente, e realzar pol-a súa conta os agasallos, sen comprometer ás nosas Institucións en asuntos que sóio a él incumben. A colectividade debe quedar ao marxen de intrses particulares e manterse firme, co pensamento posto en Galiza e nos outros ideaes que nos son grados.

República para Hespaña e Autonomía para a nosa Terra, son os dous postulados que endexamáis debemos esquencermos, si queremos que algún día trunfen por completo as nosas aspiracións. Soio nun ambiente de limpia democracia chegaremos a conseguir que a nosa patria teña a liberdade que unha tiranía infame lle arrebatou. ¿E vamos a darlle a man aos homes que axudan a soste un réxime que nos convirte en escravos? ¿Tan baixo caeu a nosa dinidade?

Deixemos eso para os que queren locir antre a miserias dos nosos labregos e mariñeiros os flamantes Packard ou Cadillac último modelo. A nosa colectividade de Bós Aires, sempre firme, debe manterse alerta e darlle o merecido a todos os que, cou máis ou menos hipocresía sacrifican o ideal da patria ás súas mezquiñas ambicións.



O Centro Ourenseño Festexou un Novo Aniversario

Foille Otorgado a Don Manoel Puente o Tídeo de Socio Honorario

O "Centro Gallego" de Madrid e varios artistas galegos residentes en Galiza, iniciaron as xestións pra creación na nosa Terra dunha Escola Superior de Belas Artes, mais a de San Fernando de Madrid, contestoulle decindo que iso non podía ser. ¿Cómo van a permitir os do "meridiano" artístico e intelectual que se lle vaia facer a competencia en Galiza? Que haxa unha pintura catalana, madrileña ou andaluza con características propias, pódese permitir e até apoiar; mais, ¿cómo os hespañois van a deixar que tamén xurda unha pintura galega? ¿Era o que compría! Pola estepa hespañola inda ten vixencia aquilo de Cervantes cando dixo: "Los gallegos no se tienen en predicamento pues no son alguien".

Na sección LIBROS do "Ideal Gallego" da Cruña, xornal de fonda tradición antigalega, faise unha gabanza moi merecida do "Cancioiro da poesía céltica" de Pokorny, maxistralmente traducido ó galego por Ramón Piñeiro e Celestino F. Vega, gabanza que o crítico remata co-estas verbas fora de tono: "esta lingua galiciana que máis bien parece hecha para bien cantar que para bien hablar".

Negámoslle autoridade ó "señorito" que iso dí, porque ¿qué pode saber do galego quen seguramente nunca o falou, escribiu nen estudou? Por outra banda, fai xa máis de mil anos que o noso povo e o d'alén Miño, falan, cantan e choran en lingua galega. (Hoxe Galiza chora máis que canta).

Nas exposicións de pintura e escultura que se celebran na capital de Hespaña, os críticos da prensa madrileña fan destacar sempre a natureza dos diversos artistas, e así din, por exemplo, o pintor castellano, o escultor aragonés, etc.; mais cando o expositor é galego silénciase sistemáticamente o seu orixe, limitándose a destacar os seus méritos artísticos, se os ten, e cando non, é entón o momento de decer que é galego. Isto trainos á memoria o conto, que non é conto, do noso peixe, que todos sabemos. Cando as nosas exquisitas sardiñas, merluzas, solas, vieiras, etc. chegan a Madrid en máis condicións, debido ó pesimo e crónico estado dos transportes hespañois, díse que o peixe é galego, e cando chega fresco entón din que é de Bilbao ou de calquera outro sitio. Cando será o día que os galegos maldizan a Hespaña e ós hespañois, que en todo lle dan trato de colonia?

Cando no século XV os catolicísimos reis de Castela dispuxeron "graciosamente" que a igrexa galega dependese de Valladolid e mandaron a Galiza aquela tropa de cregos e fraides brutos, inculcos, místicos e amoraes que profanaron a nosa liberdade, o noso idioma, a nosa toponimia e todo aquilo que tiña características diferenciais, terminando por neutralizar primeiro, e máis tarde anular completamente a influencia do clero nativo, e cando andado tempo volveu a ser do país na súa maioría, a doma fora tan brutal e persistente que se puido chegar actualmente a esta monstruosidade antinatural, antihumana e antieristiana de lle prohibir ós estudantes de crego que falen en galego nos seminarios. Bárbaros!

Algúns xornais de Galiza láianse de vez en cando de que a futura praza de touros d'Ourense non vai máis adiante da colocación da primeira pedra, colocada xa fai anos, de se a de Sant-Iago non conta co apoio que deberan de lle prestar as "forzas vivas". se en Lugo non sei qué, etc., etc., e iste parvo empeño de certos eistranxeiros residentes no noso país apoiados por media ducia de desleigados que queren acimatar na nosa Patria a bárbara e salvaxe "festa nacional", fainos lembrar o coñecido conto do noso labrego que lle preguntou a un señoritingo dunha vila da "ancha Castilla" se lle gostaban os touros, e como o maketo lle contestase que moito, o noso paisano díxolle con moita sornamorna, que igual lle pasaba ás súas vacas... unha vez ó ano.

A tía dun afiliado á Irmandade Galega, chegada eiquí nos derradeiros días de febreiro, contounos, co'esa gracia enxebre que é patrimonio da nosa xente non contaminada do virus hespañoleiro, que ó Gobernador Civil d'Ourense lle "requisaram" do seu despacho oficial 40.000 pesetas e que ó se decatar da falta das cadeleñas botou as mans á cabeza e deu en berrar: "¡Comisario, comisario!, estoy rodeado de ladrones". E unha velliña que ía vender o rianxo á praza e auviu referir o suceso dixo: Logo íl é parvo, ou qué? Inda agora veu a saber de quen está rodeado!

Os comerciantes madrileños, pra "despistar" a fame do povo e crear unha fermosa ilusión, inventaron un novo sistema de prezos nos seus produtos. En lugar d'anunciar por ducia, kilo, ou litro, como é tradizoal, fano por meias unidades. E así que agora, por exemplo, o prezo do xamón que estaba a 120 pesetas o kile e que ocoitado cidadán madrileño o non eteiraba dende que rubiu ao trono de Sabela a Católica, Paco F' baixou de sócato a ¡60 pesetas! (o meio kilo) E o mesmo podemos decir dos feixóns, da manteiga, da carne, o peixe, etc: ¡Cánto dibuxa a fame!...

Corresponsal. Galiza do Sul.

O 24 de xaneiro ppdo., o Centro Ourenseño, prestixosa institución galega impulsora de canto honra i enaltece os valores culturais e patriotas da nosa Terra celebrou cunha cea, un novo aniversario da súa progresista i exemprar eistencia, concurrindo ó mesmo, calificadas personalidades da nosa coleditividade, delegacións dos Centros Pontevedrés, Coruñaés, Betanzos, A. B. C. de Corcubión e de Ourense; direitores dos periódicos "Galicia" "Lugo" "Opinión Galega" A NOSA TERRA e a revista "Alborada".

Transcurreu a cea nun amabel ambiente d'animación e alegría e alegría e ós postres, logo dunhas breves verbas do Segretario de Cultura señor Fernando Iglesias, dando a benvida ós concurrentes e agradecendo a adhesión das entidades ali representadas, fixo uso da verba o presidente do Centro Ourenseño Sr. Alfonso Fernández Prol referíndose á revelante personalidade patriótica de Don Manoel Puente, virtudes que lle recoñecía e valoraba doadamente a institución e con ese gallo, resolvía designalo socio honorario, por acordo unánime da asamblea do ano 1951 e que ratificaba nese intre, facéndolle entrega do correspondente diploma.

Axiña fixo uso da verba, Don Manoel Puente, quen logo d'agradecer o outisimo honor con que o distinguiu o Centro Ourenseño, institución exemprar pol-a súa brillante e meritória laboura a prol da cultura e da liberdade de Galiza, pasou axiña a considerar un aspecto de palpitante actualidade na nosa coleditividade.

Compre decir que as craras e terminantes manifestacións vertidas no percorrer do seu valente i enxundioso discurso, provocaron reaccións de viva voz en algúns concurrentes é parecer, parciais suspicaces de persoas supostamente aludidas pol-o orador o que deu motivo a que se eiscitaran os ánimos mais que, felismente, non pasou a maores, pódose en evidencia, a cordura e sereidade do público, findando o aito cos afervoados aprausos con que a numerosa concurrenza premiou ó orador que de xeito tan terminante e valente, fixou a posición do galeguismo fronte ós confusionistas e enemigos da liberdade de Galiza, que na nosa coleditividade traballan agachados na sorna ó servizo de Falanxe, verdugo é carceiro do noso povo.

Co gallo d'informar doadamente ós nosos lectores, publicamos íntegramente o discurso.

FALA DON MANOEL PUENTE

Donas e Irmans:

A importancia dos feitos e das nosas vidas está en relación esaltada con sentimentos que cada feito ten no nos espírito; e as feridas ou as lellas, sentímolas según o grau de penetración que teñen no noso ser; e sendo iste o número coleditivo pra min máis querido, decírovos que iste honore que meño da Centro Ourenseño, ten pra min un íntimo e profundo significado.

Cando na súa oportunidade fun

informado da decisión da xunta directiva, desíñandome socio honorario, exprimeí unha dísis impresións que fixeron vibrar ao mesmo a miña sensibilidade galega. Ten pra min tanto valor iste honore que me dispensades que ningún outro poderíao igualar. ¿Como non hei de estar orgulloso de ser socio honorario d'ista casa, si toda ela está saturada de patriotismo galego? ¿Cómo non hei de me sentir gostoso entre vosoutros, ourensanos, si na vosa compañía eu esta casa vosa, se sinto afrolar por todas partes o espírito de Lamas Carvalhal de Curros Enríquez, de Bóveda, e do gran Castelao que latea por todo iste ambiente e rebalsa istas paredes, pra, ao traveso de vosoutros, estar decote presente onde sexa necesario defender a Galiza?

Doume perfeita conta da responsabilidade que significa pra min iste tíduo que me concededes; tíduo que gararei celoso do prestixio que iste Centro Ourenseño lle dá. Podedes estar ben certos que nunca traicorei a confianza que me dispensades, e que defenderei a diñidade de iste tíduo como se defende o máis preciado galardón. Defenderei con a miña conduta, na loita pol-os nosos ideais, que é a única maneira de como se deben defender istas cousas. E asegúrovos que ningunha zancadela de pícaro, nin ningunha artimaña raposeira me atopará durando; ceñozo ben os meios de que se pretendan valer os nosos inimigos pra se infiltrar e desorganizar as nosas forzas; levan cerca de 15 anos estrefándose contra a nosa firmemente republicana e patriótica galega. E agora comprobamos que trocan de táctica e nos mandan homes de empresa que pretenden colarse nas nosas liñas, por intermeio dos que, d'una maneira ou d'outra, adueñaron algún relevo na coleditividade. Estes empuñados pre-

tenden engaiolar aos homes mais ou menos representativos, falándolles de negocios, escitando a súa eubiza, ou empregando outras maneiras de engado. Pro asegúrovos que están condanados ao fracaso máis horrendo, porque nin estamos durmidos, nin dispostos a traicorear a coleditividade que ten depositada a súa confianza en nós, nos que loitamos afervoadamente por Galiza.

Permitíme n'ista ocasión chamar a atención dos homes que teñen gañado algún prestixio na coleditividade por haber desempeñado postos nas sociedades, ou por outras circunstancias que non teñen dereito a traicorear aos que lles diron tales prestixios; antes ben, teñen a obriga de defendelos; contrariamente, colócanse no trance de ser considerados traidores. É necesario, pois, que non se deixen enganar por ises emisarios a que me referín; e si, no orde particular, queren transixir, que o fagan. ... alá eles; pro non les sirvan de introdutores nos nosos organismos, por que iso sería servir ao falanxismo, enemigo da Galiza. Nós ben sabemos que o que lles asaña e o galeguismo organizado da nosa coleditividade; porque o galeguismo, ao mesmo tempo que brega pol-a superación de Galiza, é o máis forte defensor do republicanismo. De maneira que si ataca ao galeguismo é porque tamén se quér asolagar ao republicanismo.

Eles ben saben que somos o millor balaarte republicán de América; eles ben saben que somos os que temos máis coraxe e firme vontade pra defender até o sagrefizo, si fore necesario, os nosos ideais de liberdade e democracia. E o día que se crebantara o noso movemento galeguista republicán, ise día miraríamos sair da oscuridade aos falanxistas, que están

(Continúa na pág. 3)

IRRESPONSABEIS

Os povos sóo esculpen ora súa historia ós servos do seu destino, mais non os que se queren servir dos seus destinos.

Si un home adica a súa vida ó servizo dun ideal, medra, e medra sempre máis no corazón e respecto dos seus compatriotas. Pode perder rangos exporse a sinalar aínda nos seus amigos os defeitos e perder por iso, a estima d'alguns, mais iso, créalle un capital moral cujos réditos impalpábeis son os que hoxe procuran ás escuras con manotóns de cego os que o non poden atopar.

Home que queiras figurar, procura primeiro merecelo; nin chegues a un posto de responsabilidade por un apetito inconfesabel porque logo terás de demostrar que és merecente do conquistado. Non, non son os teus amigos de hoxe os que che botarán cecais en cara a túa probeza moral que tan mal conxunto fai co cadro de fartura que lle mercache. E' o cramar dos teus fillos, que non porán amozar coa fidelidade que eles quixeran na Galiza ceibe que virá, o nome dun que puido ser un precursor máis, e se esfumou lastimosamente no vento das vaidades persoaes.

Istas verbas, produto da mágoa que nos deixaron os feitos derradeiros, levados a cabo por xentes de pequenos señores da coleditividade galega de Bós Aires non librarían a nosa conciencia e o noso corazón da responsabilidade de desagraviar a profanación feita no sartejo do mestre Castelao, aldraxada pol-a cesta de froes, resto dun festín, que lle foi ofrendada. Castelao, estamos eiquí á túa veira os que sempre acompañaches, os que decote dirixiches, os que sempre quixeches. Á túa veira os que decote te quixeron e te acompañaron, os que íl te levamos. Aínda repican nos nosos ouvidos as verbas lafantes do relembro do teu fenecer cando a insolencia dos outros, dos que te aldraxaron, dos que te amolaron dos que te esqueceron, fainos encibir unha vegada máis en apretado feixe perto de ti, non xa pra lairnos, nin chorar o teu acougo, senon

pra erguer despiadadamente bandeira de loita.

Non se pode seguir en aitude contemplativa diante das arruadas dos desvergonzados e dos audaces. A dialéctica moderna tennos xa acostumbrados a casos como iste. Os lobos con pelexa de año, tan acostumbrados están o seu xogo, que se esqueceron de tomarnos en conta. Pois ben; eiquí estamos de novo nos roteiros da loita pra chamar as cousas pol-o seu nome. A retórica política encadra como pintada a certos camalcóns con traza de homes que se botaron á rúa con sofismas maquiavélicos a enturbar a paz da familia galega. Mais veleiquí, que esta volta decimos ¡basta!

Mestre Castelao, fica tranquilo no teu leito do exilio. Os que deste te quixeron, os que sempre te acompañaron, os que aí te levamos, estamos dispostos a non transixir máis cos cobardes, a definir os entibiados, a desenmascarar ós treidores. O teu nome non pode ser izado nin esplotado por mesquiños intreses individuais nin coleditivos. O teu sagro nome, sementes é bandeira dos inmorrentes dereitos de Galiza.

¿Qué poden, pois, os desleigados que festexan o seu asoballamento e louban a quen a ten aferrollada, pedir de tí? Cecais perdón? Non, porque pra iso é mester estar arrepentidos e sabemos moi ben que iso non sucede. Mais aínda, si tal sucedera, que quede ben sentado hoxe eiquí, que os berros de todos o espallen os catro ventos pra que chegue a todol-os ouvidos, que o povo galego deixou xa de vivir e pensar bucólica e liricamente i estíase trocando nun povo endurecido pol-o sagrefizo e desenganado pol-a treición, non disposto a máis perdóns, senon que con anceos de castigar como é debido e dunha vez pra todas, pra o eixemplo dos que podían vir o tercio dos quintalunxistas, confusionistas e mintreiros que boligan hoxe na nosa coleditividade.

A Nosa Coleitividade Lembrou, Unanime, a Castelao, no 30. Aniversario da sua Morte

O 7 de Xaneiro p'ximo, pasado, cumplíuse o terceiro aniversario do tránsito do gran patrio galego á Eternidade.

Con este motivo, a nosa coleitividade, que sinte pol-o gran líder do galeguismo unha verdadeira e acendrada uníon patriótica, lembrou con varios actos esta data memorábel.

Os homaxes principais estiveron a cargo da Comisión Intersocietaria composta por representantes dos Centros: Provincial Coruña, Orensano, Pontevedrés, Betanzos, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega.

Deron comenzo eles cunha missa feita pol-a señora viuda do extinto, Doña Virxínia R. de Castelao, na basílica de Santa Rosa de Lima, a que contou con unha gran concorrencia, e á que asistiron destacados dirixentes da nos-

sa coleitividade.

O 4 de Xaneiro, a mañá, a Comisión Intersocietaria colocou unha ofrenda floral, no sepulcro do líder, no panteón do Centro Galego, falando nese acto Cándido A. González pol-a Comisión Intersocietaria, e Avelino Díaz pol-a Coleitividade Galega.

O día 6, as 10 horas, o Centro Orensano fixo ofrenda floral no sargento do patrio, e falou en representación da devandita entidade seu Presidente Sr. Fernández Prol.

O mesmo día, ás 17 horas, o Centro Pontevedrés, no seu "Pazo" de Olivos, pousou unha palma ó pé da estatua do líder, que honora os xardíns do "Pazo", e falou Cándido Rey, presidente do mesmo. A seguido, a Sociedade "Residentes de Mos", fixose presente cunha ofrenda

floral, e falou a nome desa entidade Segundo Pampillón.

O día 7 á mañá, o Centro Galego rendíalle un homaxe depositando unha coroa de flores na tumba do mestre, estando a cargo do segredario da dita entidade. Manuel Alén, o discurso de circunstancias. Aíto seguido, o Consello de Galiza, tamén ofreceu unha palma ao que fora seu fundador, falando con sentida emoción o Segredario do mesmo, Antón Alense Ríos.

O mesmo día 7 á noite, culminaron todos este maíficos e patrióticos homaxes, co orgaizado pol-a antedita Comisión Intersocietaria, que programou un acto patriótico de fonda i-emotiva significación, realizado no salón do Centro Orensano.

Inicióuse o acto co Himno Galego, executado pol-a Coral

"Os Rumorosos" do Centro Betanzos, dirixido acertadamente pol-o seu director, o mestre López García, seguindo "Negra Sombra" e "Desdés".

Os discursos, todos eles de fondo contido e brillante factura, estiveron a cargo de A. Suárez Do Pazo, pol-a Comisión Intersocietaria; pol-a Comisión Intersocietaria; pol-o Goberno Vasco, seu representante Dr. Pedro de Basaldúa, quen estivo eloquentísimo; seguido Dn. Francisco Arnó, tiv- verbas acertadas, lembrando a identidade de aspiracións de Galicia, Vasconia e Cataluña pola sua liberdade xusta, necesaria e indeclinábel.

Finalmente falou pol-a coleitividade galega Rodolfo Prada, que recordou ao líder inesquecible, referíndose despois a certas e recentes intencions falanxistas.

pra as que tuvo verbas de dura condenaín.

Todol-os artistas e oradores foron aprausados nas súas intervencións chamando eloquisamente a atención un conxunto de dez ou doce rapaces vascos, que coa sua veste típica de espatadanza- is fixeron guardia de honor, con aire marcial e portando sua bandeira nazonal. Como tamén pódese adentrar durante o desenvol- polo do acto e efixe de Castelao, feita e cedida para esta ocasión pol-o des'acado artista galego Domingo Maza, quen foi moi felicitado.

En suma: CASTELAO sigue vivindo no corazón e na mente das nosas xentes, e o seu ideario patriótico hctor fondas e rexas raíces na conciencia da nosa coleitividade.

"El Regionalismo en Galicia"

CONTINUACION DO DISCURSO DO Sr. PUENTE

Caen nas miñas mans un libro así titulado, xa un pouco vello, mais isto non importa para o meu caso. Ao follealo atopeime na primeira páxina con iste limiar:

"El Regionalismo en Galicia era un partido de gabinete, formado por tres periodistas chiflados, cuatro poetas excomulgados por Apolo, media docena de caballeros de industria literario-regional y dos catedráticos ambulantes, despectivos por no poder conseguir un acta de diputado y ávidos de hacer ruido a toda costa".

Máis adiante di o autor que escribiu o libro: "con el sano deseo de acabar con las caballerías regionalistas, que traen trastornados muchos cerebros".

En Hespaña é adoitado acoller con bulras, cando non con aldraxes, calquera idea, calquera opinión manifestada por un ou varios homes que veñan remover as augas lamas, centas da lagoa onde croan as rans, que gaban e chufan ao Estado, de cuíus frangullas viven; ou enderón perseguilos asañadamente hastra acabar co-eles. ¿Qué é iso de pensar? ¿Quén é o que s'astreve a analizar as cousas, os feitos? ¿Por qué pretender que se corrixan os feitos ou que se milloren sistemas?

O Goberno se non chama Goberno, senon "Poder". Iso demostra máis que nada a psicología dun procedemento. Poder equivale a forza, arbitrariedade, imposición. Goberno significa orde, administración, capacidade. O primeiro, o "Poder", foi sempre o que dominou en Hespaña, i é o que os españoles acataron e o que moitos louvaron e aproudiron en todos os tempos. Pol-o menos aqueles que, según eles mesmos, "representaban algún valor": os nobres; os rentistas e terratenentes; os industriaes e comerciantes; os militares e a "Igrexa". O resto, o pobo, todo aquel que vivía do seu traballo e que co seu traballo axudaba a vivir aos de máis, sospiraba por bós gobernos: mais istas probes xentes nunca contaron na vida do Estado.

Un Poder central imponía lexis iguais para todo o territorio, como imponía unha lingua e unha relixión. ¿Qué importa que os meios de vida sexan desomellantes? ¿Por qué se preocupare de que os nenos de certas rexions non comprendan aos mestres, nen éstos aos nenos? ¿Qué significa o pensamento, nin os sentimentos das xentes en materia de ideas e creencias? Todos han de se someter ao que dispón o Poder Central, e se hai perxuro para algúns, ¡qué acadullen! Ningunha culpa ten o Poder de que as xentes ou as terras sexan diversas. O único que teñen que facer as diferentes rexions é pagar a súa parte de impostos ao Poder central. O que a elas poida lles convir para millor desenrolar a súa vida propia

tenlle sen coidado ao Poder. Iste esixe obediencia e difeiro para atender as súas necesidades. As rexions, en troques, non poden existir nada; non teñen dereitos. samente teñen o deber de pagar e obedecer.

Algúns atopan tal sistema admirábel. Ista é a, pra eles, verdadeira igualdade, a unidade ausoluta, o orde perfecto. Hai quen aínda admite que, se unha rexión ten unha fala, unha lingua diferente da oficial, poidan escribíse nela algúns poemas de tenro sentimentalismo, ¡pero nada máis! Estes chámanse os do "regionalismo sano y bien entendido". E anda, se hai ocasión de se lucire fachendean discursando, na lingua oficial, co voz enfática e campanuda encol da sua venerazón pol-a beleza da paisaxe, por tal ou cal poeta, e pol-o lación con grelos.

Mais os pobos non poden se conformaren con todo ise baldeiro de senso constructivo. Os pobos precisan orientar a sua vida cara un porvir de traballo e benestar; de riqueza colectiva; de progreso social e moral. E para iso compre coñecer cada rexión en todol-os seus

detalles e posibilidades; organizar os elementos característicos, e desenvolver unha acción axeitada para acadar aquel fin. E iso ninguén, pode facelo como os nativos de cada rexión, que aman á súa terra e viven nela. Un dobre interés que os move. Egoísmo, se queredes; pero un egoísmo lóxico e froitífero.

Se cada rexión coídase do seu propio progreso e benestar, non hai dúbida de que o conxunto das rexions será un benestar colectivo e total. ¿Por qué opoñerse á él?

O Poder, os homes que constitúen o Poder, temen que se verían obrigados a ceder o posto de que gozan a outros que forman un Goberno ¿Comprendedes a diferenza?

E hai moitos que viven das franquillas, de poder ou de mantenza, que lles bota o Centralismo. Son coma cans de palleiro amarrados a un albayo.

Por sorte, o espírito das xentes vai despertando e as ideas de redenzón vense espallando cada vez máis. Hoxe poderíamos vivir mellor se non fose o que foi. Pero "nunca chovéu que non escampara".

L. DA RUA.

PERDEUSE UNHA UVE

Por José Ramón y FERNANDEZ.

Fai unos días que ando aboyando pol-as rías sin atopar acougo ao meu espírito esconsolado de galego enxebre.

Os que me coñecen; os que saben dos meus degaros i os meus desvelos pol-as cousas de Galicia e, por enriba de todo, do meu fondo agarimo e apego á nosa lingua, decatáranse douadamente da xusta causa da miña traxedia. Porque a cousa non é pratomala a risa nin pra se desentender dela así como así. O que a min me ocorreu, boeno, a min persoalmente non me pasou nada grave, pro en troques á lingua galega, sí.

O que lle ocorreu a nosa lingua é tremendísimo, dunha terribel gravidade, tanto que a súa existencia está en perigo, así que xa poderán calcular os meus lectores a magnitude da miña traxedia. Algo como pra que a terra se abra — como seica pasa nas illas do Pacífico — e o trague a un con gabardina e todo.

¡Deus me dé forzas pra volo contar! Falaba eu con un señor moi enterrado de fonoloxías, de lingüísticas, de filoloxías e demás ciencias do falar. E daba a casualidade que iste tal seica nacera nun lugar de Galicia do que endexamáis quixen saber, porque a terra non ten culpa de criar certos productos. Querse decir que, anque nado nise lugar, o tal non é galego, porque pra levar tan honroso nome non abonda eo feito involuntario pra o individuo, da nacencia sinón que é preciso querelo ser e comportarse como tal.

Pois ben, si en vez de falar con un home cheo de prexucios houbera feito con un centífico impar-

cial, o conto sería outro, e así resultou que nos enzorbellamos nunha latriçada encol de si o galego era ou non era isto ou aquilo. A min doíame na i-alma o escoitar como se producía aquilo que eu desaxaría fose paisano meu pro que se comportaba como un nemigo fechado. Os seus argumentos me non convencían, eran floxos, retortos como as ramas de un baceño, e cheos de un zume acedo como o das follas de unha figueira.

Non había xeito de nos poñer de acordo; loitábase como dous boxeadores cando n-esto, ¡zás!, zorregoume un argumento que me deixou apampanado.

— "O galego, berroume, non pode ser un idioma porque perdeu a uvé".

— ¡Virxe Santísima de Muxías!, clamei eu, agora sí que a fixemos boa. ¡Perdeúsenos a uvé, Señor!, dádenos luces pra ver de atopala".

E dende entón eiquí me tendes buscando areloso a maldizoada uvé, que non atino por donde se nos poido escorrentar. Levo revoltó canto hai que revolver. Non descanso, nin durmo, nin teño acougo por causa de esa condenada uvé que así fuxiu dos nosos lares.

Temo que a causa de tanto cavilar vou rematar co a miña saúde, i este medo lèveame a recurrir anguriente aos meus lectores con iste prego areloso:

Perdeuse unha uvé desleigada. Gratificárase espléndidamente a quen dea con ela.

(Ven da páx. 2)

agachados e á espreita. Por iso no día de hoxe eu vos digo que debemos manternos esportos contra os entregadores e sementadores da discorda na nosa coleitividad.

Non se pense que o que romato le dicir está enfuzado por algún recor; eu non son home de rencores; meu espírito está sempre disposto a perdoar os erros cando eles non n o froito de maquinacións ceidas na soma contra os nosos patrióticos ideais. Si os trabucados se enmendan nobremente, reconecendo eus erros, atoParan a miña mán amiga; pro si seguisen a sua conduta prevaricadora entónse saberá que a nosa com-Pracencia tornaríase en despreco; e si fai falla arrincar algunhas caretas farémolo sin contempnasións, pra que se vexa o feixismo que levan dentro e deixen de seguir enganando a coleitividade.

Isto que digo non vai dirixido a ninguén determinado, pro como derradeirairamente surxiron feitos repudiables, causados por algúns espíritos fatalmente contumaces, que andan por ahí, queremos que sepan os vromotores que os estamos a observar; e que solo desaxamos convencernos si a súa situación é froito de erro, inex-

midade temeraria, ou si se trata simplemente de falanxistas encubertos.

Non se pense tamponco, que temos medo a ningunha das probas rano" bras que se poidan ensaír; a nosa Posición de galeguismo orgaizado, pra defender os sagros dereitos de Galiza, na esencia republicán, é de tal forteza moral e ten "un firme raigaña na conciencia da emigración de toda América, que formamos muralla, xurdia e pecha, contra a que están condenados a se esnaquizar todas as intencions que poidan facerse en contra os nosos ideais máis caros. Quero facer notar, tamén, que como a nosa conduta é venecladora e de irmandade en total-as esferas de coleitividade, que nos non fomentamos, erdexamái, bandos, nin nos entrometemos nos problemas internos das institucións.

Hai por ahí quen dixu —in creelo— que o republicanismo xa non existe. Pretendendo eisi xustificar a súa evasión e a tentación de servir ao falanxismo. ¡Prohibíos! Teño a aseguranza de que xa están convencidos do seu trabucamento; pois non fai falla máis que lanzar un soto aviso de que se trama pra que a coleitividade responda con enerxia e unidade e faga fracasar calisquer manexo ou acto contrario.

As circunstancias do momento, e a necesidá de chamar nobremente a atención de algúns amigos que cense- dero extravaiados e confundidos. obrúgáronse a trocar o que eu quería dicir n-este intre.

Hoxe eu quería falar do escarecido maxisterio cumPrido, na América pol-o mestre máis esgrevio da Galeguidade; e dos froitos que de atal maxisterio se están a colleitar pra a Nación Galega, dos cales é o máis frú del espoñento iste Centro Ourenzá, que con razón, é tanto gabada. Quería falar da vosa terra ourensán, e ensaír un Paragón entre a nobreza que xurde dos vosos peitos e o quen- tor da amizade, que sempre estades dispostos a Prodigar, eo quen- tor que bula na terra de Oúrens e que tamén coma vosa bondade demana das bugas tépedas na vosa Capital.

Queríavos dicir como dendes nenos se foron formando en mín s-sentimentos pol-as cousas da nosa terra; e como iste amor toma forma e significado Patriótico cando me acerquei a Castelao e conoín os problemas da nosa Galiza, as inxusticias a negación dos nosos dereitos históricos, culturais, económicos, e todol-os outros, valores, per Parte dos gobernos hespañoles; e decírvos como a Castelao lle teño que agradecer me agora os meus sentimentos patrióticos vibren de maneira forte como a nosa poesía rexá e fonda transformou o anterior sentimento de nostalgia e paisaxe, en rebelión do meu espírito, pol-as cruiedades que elas denuncian, cometidas coa nosa Galiza.

Acto Pois, iste título que me encargades, que ocupará, un resto da miña vida, o' sito máis preferido do meu fogar".

LIBROS GALEGOS

En venda na Irmandade Galega

SEMPRE EN GALIZA
por Alfonso R. Castelao

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA
por Alfonso R. Castelao

FARDEL DE EISILADO
por Luis Seoane

PRESENCIA Y HONDURA DE CASTELAO
por Marcial Fernández

A NOSA TERRA
Número estraordinario adicado a morte de Castelao

SEARA NOVA
Revista portuguesa adicada a Castelao

PRINCIPIOS DO

- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.

GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 4 - Galiza, célula de universalidade.



(NUESTRA

PATRIAY

Déspotas insensatos,
forxá, forxado grillo
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideas
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non, o duro
ferro,
Nin a morte extinguiños.

EDOARDO PONDAL

Año XXXV — Núm. 482

BOS AIRES, MARZO DE 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

"FARDEL DE EISILADO" ¿Cal é a Bandeira dos Feixistas?

Co cuño de "Edicións Anxel Casal" da Irmandade Galega de Bós Aires e con dibuxos do autor, finda l'aparecer "FARDEL DE EISILADO", fermoso libro de versos do pintor galego Luis Seoane.

Será bon decir eiquí que a aparición d'este libro non supón un libro máis saído do prelo. Non é poesía astraita, nin versos requinados de verbas burladas que pola súa plasticidade predispoñen a ensoñación. Tampouco son versos choromiqueiros, morriñentos, cangados d'impotencia.

Seoane, dun xeito desusado nas nosas letras, sacha vigorosamente con pulos anovados e bariles un sulco novo na nosa literatura un tanto atecidada de plenitudes intelectuais, cecáis en aitude d'evasión de contatos populares para acobillarse ó agarimo d'unha minoría de selección. E por elo que, "Fardel de Eisilado" sorpréndenos cun novo acento: un canto barudo ós emigrantes que "alongaron i engrandeceron a Galiza no mundo, en Portugal, en Centro América, nas Filipinas, en Nova York onde residen baixo a ponte de Brooklin, na América do Sul, no mar, nos peiraos de Londres; no traballo duro feito, competindo no amor ó mester cos emigrantes de total-as castes; brancos, amarelos, negros, xentes d'apelidos estraños, confrontándose con eles nas duras labours da terra e da mar"...

O autor prantexa o fenómeno da emigración galega consecuencia da inxusticia social i económica operante na nosa Terra dende fai sé-

culos, como unha constante colei-tiva característica do povo galego no longo percorrer da súa historia: "Na herexia de Prisciliano, nas loitas populares contra os bispos de Ourense e Lugo, nos combates da burguesía compostelánq, nas guerras dos Irmandiños contra o poder da nobreza e o crero, nas emigracións ó centro i ó sul da península, nos levantamentos liberaes do século XIX, nas loitas contra os invasores —xa fosen estes románs, suevos, normandos, ingleses ou franceses— nas emigracións a América, a Oceanía, o verdadeiro héroi de Galiza foi sempre o povo galego. E os homes xurdidos dese povo, Xohan Tourum, María Castaña, Rui Xordo, María Pita, Sinfiriano López por exemplo, ou os mártires de Carral, ou os milleiros de mártires bariles fusilados e paseiados pol-os treidores que se ergueron contra a República en 1936"...

Certamente, o autor de "Fardel de Eisilado" neste fermoso e robus-

to libro adicado ó emigrante galego, cala fondo e rexo. Non fala, naturalmente de atavismo migratorio da raza, fermosa frase, abofé, pra adoviar unha literatura racial saudosa, agachando d'este xeito, craro está, as causas que orixinan o éisodo.

Identificado co intenso drama do noso povo, canta barudamente, sin laios, choromiqueiros ó emigrante, ó home galego como atal, esforzado e baril, competindo no traballo con xentes de total-as razas i en todos os climas.

No eistenso poema "Ramón Cernadas", lexendario persoaxe que forma parte coa súa familia dunha colonia de galegos que foron a povoar as terras vixens da inmensa Pampa, na "liña do indio", cobra un auténtico acento épico pol-o vigor, a acción i-a tremenda forza eispre-siva dos seus versos. As verbas xurden ricaces, cangadas d'imaxes dun realismo atal que impresiona o leitor.

"Camíño dunha vida distinta, dunha morte desvariada. Viñamos eiquí, vindo a vivir, vivindo de moitos xeitos tamén en certa maneira, vindo a morrer nesta chouzada de moitas mortes iñoradas, ficando no camiño sen cadaleitos

mortos de súpeto sobor desta terra, sen cruz, sen viático, sen familiares e sen veciños que fagan o pranto pra xacer con terra e ceo por sartego, baixo iste ceo enímático, rodeiados par caranchos buxeus que a venen bastecer

da nosa carne apodrecida, aquecida, enxoitada pol-os ventos, até que os ósos fican amarelos, brancos roídos como as caaveiras dos cabalos e das vacas, envoltidos en lama seca, arañentos, mesmo lolreidas pol-os anos, esquecidas de Deus alcóntranse as oseiras.

O libro componse de doce poemas e un prólogo do autor e, sortindo do xa referido "Ramón Cernadas" destácase pol-o seu vigor e crú realismo, "Ponte de Brooklin"; a saudosa evocación da Terra martirizada en "Dende o Inland Princes"; as ben logradas estampas descritivas en "Picnic" e "Os Emigrantes"; en "Building Castles in Spain" i en "Volta do Vello Emigrante" o autor acusa unha fina sensibilidade poética, i é bon menzoar o poema "Emigrantes dunha data calquera" pol-o fondo senso human que lle dona o autor: o traspranto do campesiño galego no atafeo das grandes cibdades indus-

trias e comerciaes, puzos d'egoismos, onde o home perde o seu acento e o seu costume herdados.

Findaremos o comentario d'este fermoso volume de versos de forte acento e mesto contido onde o autor manexa o idioma a máns cheas, referendonos ós seus magníficos dibuxos que ilustran o libro. Eiquí Seoane, co seu estilo persoalísimo, ispe os persoaxes de todo roupaxe académico indo directamente ó cerne, á esencia das cousas. E por elo que, os seus dibuxos, teñen esa frescura e contido emocional que fai que traballen doadamente na unidade da obra.

LORENZO FRAGOSO.

"DEMOCRACIA ORGANICA"

Un novo feito abraiante, vén a pór de releve a "crecente" liberdade que se disfróita na nosa Terra, baixo a tan cacarexada "democracia orgánica" como gusta de chamarlle o moderno Calígula hespañol, émulo aventaxado, por demais dos grandes ditadores contemporáns, que, ao xeito d'iles, se sinte orgulloso de durmir co "Príncipe" de Maquiavelo debaixo do cabezal.

Fai algunhas semanas — istas noticias chegan sempre eiquí con algún retraso — conocido o resultado de un Concurso Literario convocado pola CASA DE GALICIA DE NOVA YORK en homaxe ao noso escarecido Guleiro CASTELAO, os xornais galegos disputáronse pra difundir a noticia, mais enterados os franquistas cursaron inmediatamente severísimas ordes aos directores, prohibíndolles mencionar a noticia, nin xiqueira de pasade.

Debemos informar que o principal onxecto d'ista medida, foi evitar que o público se enterase que o certame organizado en louvor de CASTELAO constituía un escollo alísito, participando trintetantas obras escritas en Idioma Galego; ise Idioma que o Director de Prensa hespañol, Juan Aparicio, combate coas máis drásticas medidas, temendo que o seu crecente cultivo literario faga soma á lingoa mesetaria, e sirva de medio de expresión aos latexantes anxeos de redención que tan fondamente sinte o oprímido Pobo Galego.

Dise, tamén, que n-esta medida ti-vo algo que ver o "conspicuo" Cesáreo González, que quixo eisi desquitarse da corredera que lle deron na Casa de Galicia de Nova York, cando quixo que alí lle fixeran banquetes e homaxes.

¡Está visto que na cidade dos rafiaceos non puido atopar "pimpins" que engaiolar como en Bós Aires! Felicitamos á Casa de Galicia de Nova York pol-o triunfo logrado co torneo — e máis pol-o outro — eisi coma aos escritores galegos José Rubiñán, José Conde e Leandro Carré Alvarellos, que coas súas obras: "Total-as cousas teñen o seu corazón e súa luz", "No Desterro", e "E Mañán Virá unha Nova Alborada", conqueriron os outos galardóns da xusta.

14 d'ABRIL

GRAN AITO D'AFIRMACION
REPUBLICANO - GALEGA
Salón Federal: Chacabuco 947 as 21 horas

FALARAN:

Xerardo M. Díaz
Alfredo Baitar
Ramón Valenzuela
Antón Alonso Ríos

ORGAIZA:

Comisión Republicano-Galega.

INVITAN:

Federación de Sociad. Galegas
Irmandade Galega
Consello de Galiza
Centro Ourenán
Centro Coruñés
Centro Pontevedrés
A. B. C. de Corcubión
Centro Betanzos

Adhesións: Chacabuco 955 - Capital

Haberá quen pense, seguramente, que a bandeira da "Falange" — ise noxento farrapo vermello e preto (sangue e door), que de vez en cando inda afea algún edificio dos moitos que en Galiza ocupa como pra nos lembrar que o "Dens dos feixistas" se sigue nutrido de despojos humanos; e tamén poida que haxa persoas de ollar superficial que eoiden que a verdadeira bandeira dos feixistas, millo, diríamos o seu programa, que o constituen ses puntos calcados dos nazis; mais tanto e farrapo com'os pontos non vos son máis que paparuchadas sen contido, pantalla pra engaiolar a xentes dun infantilismo abraiante. A verdadeira bandeira d'iles, o único programa e o seu afán de decotío evos a lingua de Isabel e Fernando. A "Falange" non se ergueu en armas pra impor un novo orde social, nen pra defender a relixión, nen ós privilexiados e menos pra amparar ós pobres; a "Falange" matou, roubou, violou e cometeu toda clas de tropelias tan só pra impor o idioma de Castela en tod'o ámbito do Estado Hespañol, e quen poña en dúbida esta nosa afirmación que se tome o traballo d' estudar un pouco a custión e verá que estamos no

DON XESUS CAMPOS COUCEIRO

No mes de xaneiro p. pdo., falesceu nesta capital, don Xesús Campos Couceiro, irmán de Don Pedro como este, vello afiliado a Irmandade Galega.

Chegado a este país sendo un rapaz, foi decote un afervoado patriota galego. Galiza tiña nele, un fillo fidele namorado, atento ó movemento apol dos dereitos da nacionalidade galega.

Diante atal irremediabel perda, facemos chegar o noso fondo sentimento ós seus familiares e de xeito especial, o seu distinto irmán Don Pedro.

A Irmandade Galega Escolleu Novas Autoridades

Na noite do 25 de Nadal p.p. a Irmandade Galega celebrou Asambleia Xeral elexindo as novas autoridades pra xeira de 1953, recaíndo nas seguintes persoas:

Presidente: Doutor Fiz A. Fernández; Segredario Xeral: Manoel Pedreira Rumbo; Pro: Indalecio Tizón; Segredario d'Aitas: Moisés da Presa; Tesoureiro: Antón Gómez; Pro: Bielito Cupeiro; Vocáis: Sr. Xosé Lema Novo, Sr. Antón Suárez do Pazo, Sr. Valeriano Saco, Sr. Federico Zamora; Suplentes: Sr. Lois Ares, Sr. Manoel Ucha, Sr. Bernaldo Souto, Sr. Fernando Iglesias; Revisadores de contas: Señores Pedro Campos Couceiro e Ave-lino Díaz.

certo. (Isto, naturalmente, deixando aparte as ambicións de mando e de medro que lle roían o peito a todos os compoñentes de tan nefasto xantoiro).

As emións económico-sociais enfócanas unhas veces con espírito completamente burgués, ó xeito dos máis reacleitantes reaccionarios, e outras adaptanse ós modos dos partidos máis avanzados, sen l'importar ren os pontos nen farrapo de gaita; e no aspecto relixioso, igual se din defensores do cristianismo e andan ó dictado dun Eixo Garai ou dun Blanco Nájera, como desterran da súa diócesis, sen compasión, a aquel hourado bispo que se negou a bendecir os asesinatos perpetrados pol-os seus esbirros, ou se enfrentan abertamente co cardeal Segura decíndolle que o queimarán vivo se non lles permite usar os muros da catedral sevillana pra colocar os seus pasquís. Nun-La verba: son católicos ou anticatólicos, dereitistas ou esquerdistas, segundo lles parece, ou d' acordo coas comenencias persoais e do intre, mais no que non tranrixen é na cuestión do idioma, e a súa cousiña, como bós hespañóis, é loitar en todos os campos e con todas as armas (téñenas todas na mau), en contra das linguas peninsulares, impondo do xeito máis brutal a fala dura e brava da meseta castelán.

E nesta fertz e salvaxen persecución idiomática é Galiza, coma sempre, a vítima propiciatoria, e como tal non se lle permite que os seus homes máis representativos no campo das letras e das artes, se podían manifestar en galego en ningún acto público, e a prensa non pode publicar nada en galego, porque a censura é inexorábel e non só non permite que s' escriba e fale en galego senón que limita até ó mínimo aqueles traballos que inda sendo en hespañol se refiran a temas galegos. E isto que decemos da prensa é igualmente aplicábel á radio.

E como diante do mundo civilizado non queren pasar por tiráns (Nerón que foi o prototipo dos tiráns, dállalle liberdade ós seus enemigos pra que o pudesen criticar públicamente), non se atreven a publicar un decreto prohibindo falar e escribir en galego, bailar a muñeira e cantar o alalá.

Esí, pois, galegos d' América, é preciso que teñades en conta que todo o que en Galiza fale castelán é unha d'estas dúas cousas: ou un falanxista militante ou un inconsciente que l'está facendo o caldo gordo ós feixistas e que non está moi lonxe de o ser tamén.

Por elegancia espiritual e pol patriotismo, todos os galegos demócratas e antifeixistas deben falar e escribir sempre en galego.

B. do P.
Galiza do Sul.